

da barraca



**AULA**



*morreu  
o demo*



Deputación  
DA CORUÑA



## A proposta

A partir de fondos da Deputación da Coruña e do Ministerio de Cultura, a **AC Morreu o Demo** oferta unha serie de actividades didácticas para centros de ensino de primaria e de secundaria.




# Actividades

- Lotes de material bibliográfico e audiovisual
- Exposición **“Que foi de Barriga Verde?”**
- Video-fórum
- Obradoiros de construción e manipulación de títeres
- Obradoiros de guión
- Obradoiros de títeres en igualdade

# Calendario

- Ao longo do curso 2019-2020
- Inicio en outubro (con anterioridade ao festival Titiriberia: 9-15 de novembro)





Para alén das actividades ofertadas, queremos que os centros se impliquen no proxecto a desenvolver pola súa conta propostas como:

- Documentación audiovisual das actividades
- Montar unha obra de títeres propia cos coñecementos adquiridos
- Asistir ou contratar montaxes de títeres
- Facer recollida sobre a memoria de feiras e festas na contorna dos centros
- Achegar comentarios e propostas

# Barriga Verde

- Títere coñecido en todo o país, desenvolveu a súa actividade entre 1910 e 1965
- Fai parte da familia de títeres de cachiporra europea, de 500 anos de antigüidade e con representantes recoñecidos como Guignol, Punch ou Pulchinella entre moitos outros
- Supuxo a principal manifestación escénica en galego durante o franquismo
- Constituíu unha forma de resistencia simbólica contra a ditadura a través do humor e a irreverencia
- Converteuse nunha icona e permanece na memoria de xeracións



# *morreu* *demo*

- Naceu en 2013 para recuperar a memoria de Barriga Verde e o títere tradicional galego
- Desenvolve exposicións, actividades, audiovisuais, o festival Titiriberia e apoia novas montaxes a actualizar o personaxe
- Procura o recoñecemento de Barriga Verde como patrimonio inmaterial galego

<http://barrigaverde.eu/>

<https://www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/>